

CRÓNICA DAS XORNADAS SOBRE O DEREITO AGRARIO

Lugo, 16 e 17 de novembro de 2004

Xosé Antón Barreiro Pereira

Avogado

“Es posible –comenzó el anciano lentamente, que los campesinos tengan muchos defectos, tú los conoces. A veces, demasiado egoístas –¿qué hombre no lo es?–; a veces, un poco sórdidos, pero hay que pensar en que nunca es segura la cosecha... En todo caso su labor es la más natural y la menos corruptora de cuantas realizan los humanos. Cumple literalmente el castigo divino que condena a regar la tierra con el sudor para ganar el pan. Y a la tierra vive apegado, como una planta: como la caña o como el árbol. No viene y va como otros hombres, no arrastra un afán por el mundo, sino que lo clava en lugar, y allí se queda. De tanto mirar al cielo para espiar las intenciones del sol y de las nubes, le viene el acordarse con frecuencia de Dios. Sucede que transcurre su vida sin que le sean asequibles esos pequeños placeres que adornan las de los demás; desde la cuna hasta el sepulcro, la monotonía marcha al lado del labrador, y es lo más duro que los años se señalan para él netamente, como por golpes de campana de los que no se pudiese desentender. Cada vez que el pájaro rehace su nido, ha pasado un año. El hombre que no es labriego puede rellenar ese año de muchas y variadas actividades. El campesino vuelve en enero a pisar las huellas del otro enero y en noviembre a recorrer el mismo surco que en noviembre, detrás de su arado. Lo que pasa fuera de su tierra casi no lo sabe y no lo ve. Si alguna vez va a un pueblo, su desconcierto –que mal acierta a esconder– le delata como a un ser alejado de las peculiaridades del presente. Porque el labriego está inmóvil en el área de todas las épocas. Y ellas cambian, y él no. Mil veces desean gustar alguna comodidad o alguna ventaja de la que no oyen hablar más o menos vagamente, y no pueden; habría que

ir a la ciudad, y el campo sujeta; habría que gastar dinero, y el campo lo concede apenas para vivir. Así, ellos son como hombres contra los que se hubiese dictado, sin merecerlo, una sentencia de inferioridad que le excluyera de esos goces, de esos descansos –aun los más honestos– que cada época inventa para sus hijos. No sería justo”.

W. Fernández Flórez, *El bosque animado*, 1965

1. Introducción¹

O dereito agrario foi, e continúa sendo, o “dereito da terra”, polo cal os dereitos agrarios autonómicos elaborados na proximidade dos campos polos homes que coñecen profundamente a problemática agraria, rural e ambiental de cada lugar constitúen unha referencia obrigada para tratar de comprender o medio rural.

Efectivamente, o dereito agrario refírese, en xeral, á regulación da empresa agrícola e á reforma das estruturas agrarias, afectando, dende logo, parcelas da vida dos cidadáns que repercuten dunha maneira moi directa no seu contorno inmediato, como a propiedade, o aproveitamento da terra e os contratos, singularmente os arrendamentos rústicos.

Coa *Axenda 2000* tívose o propósito de instaurar na Unión Europea novas reducións de prezos e de axudas para o control da oferta, que xa iniciara a reforma McSharry de 1992. Tal feito non xorde pola xeración espontánea, senón que é a consecuencia lóxica da asinatura, o 15 de abril de 1994, da Acta de Marraquech, a cal, como é sabido, crea a Organización Mundial de Comercio.

O modelo que implanta a *Axenda 2000* ten que ver co fenómeno da globalización e liberalización dos mercados agrarios, e, aínda que se falou antes da redución de axudas, é certo que, quizais, o máis importante daquela axenda é a construción dunha reforma estrutural, cuxo obxectivo final, non hai dúbida, é atopar e conseguir que as empresas europeas estean en condicións de competir nese mercado total.

Loxicamente, todo iso tivo unha serie de efectos que, para entendérmolos, imos chamar *colaterais* e que configuraron o que se deu en chamar *modelo europeo de agricultura*, entre cuxas peculiaridades cumpriría subliñar a capacidade para realizar con éxito a competencia nese mercado mundial ao que antes nos referiamos; o emprego de métodos de produ-

¹ Esta crónica ofrece algunha reflexión de alcance xeral sobre a norma en cuestión, procurando que impere a brevidade e a claridade por riba da exhaustividade, ao tempo que se examinan as principais consecuencias que achegan as innovacións por ela introducidas. Están escritas coa tranquilidade que proporciona saber que hai outros estudos monográficos sobre todas e cada unha das prescricións normativas, así como o ánimo de achegar elementos para a comprensión ou discusión sobre os diversos temas.

ción máis sans, máis respectuosos coas esixencias do medio natural e capaces de procurar produtos de calidade para responder ás demandas e expectativas da sociedade; a variedade da agricultura, por exemplo, en relación coa súa tradición, agricultura que, por outra parte, non vai ter limitado o seu cometido á produción de alimentos, senón moi especialmente á conservación do espazo rural.

2. Apertura das xornadas

A Escola Galega de Administración Pública xunto coa Consellería da Presidencia e Administración Pública organizaron conxuntamente estas xornadas que tiveron lugar no salón de actos da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública de Lugo, que permitiu o seu desenvolvemento de maneira descentralizada, fóra da sede central da EGAP, en Santiago de Compostela, os días 16 e 17 de novembro de 2004. As xornadas contaron cunha nutrida asistencia e, neste encontro, destacados relatores galegos e españois expresaron as súas posturas sobre esta importante materia, cunha transcendencia na actualidade.

A súa apertura correspondeulle ao catedrático de dereito civil e director da EGAP, don **Domingo Bello Janeiro**, que despois de agradecerlles aos presentes o interese mostrado na realización destas xornadas e a gratitude a todos os relatores que interviron, manifestou que os obxectivos destas xornadas eran os seguintes: estudar a incidencia na ordenación da actividade agraria da Constitución para a Unión Europea e das leis sectoriais nacionais e a normativa agraria autonómica galega.

Despois tomou a palabra don **Alberto Ballarín Marcial** que manifestou a sensibilidade que unha vez máis demostraba a Escola Galega de Administración Pública co tema do dereito agrario, lembrando o éxito de público e relatores que había dous anos tivera o "I Congreso de dereito agrario autonómico" celebrado en Santiago de Compostela.

3. Os relatores e o seu tema²

3.1 O dereito agrario galego. D. Domingo Bello Janeiro³

Diante das competencias das que as comunidades autónomas dispoñen, prevalece o dereito agrario comunitario, que se ben os seus nobres obxectivos perseguen aumentar a produtividade, estabilizar os mercados e asegurar prezos razoables ao consumidor, vén crear problemas de exce-

² Nesta alínea aparecen redactadas as notas que fun tomando, no transcurso das xornadas e das intervencións de cada un dos conferenciantes, polo que, para un estudo máis polo miúdo remítome á lectura dos distintos relatorios que foron entregados no desenvolvemento das xornadas e que están en poder da EGAP.

³ Catedrático de dereito civil e director da EGAP.

dentes e disensións entre comunidades e países, asunto especialmente agre en Galicia.

Hoxe, no século XXI, ninguén alberga a menor dúbida que agricultura e dereito forman un binomio inseparable ao longo da historia da humanidade. O feito agrario arranca coa aparición do home e comportou unha inicial forma de vida e alimentación, unha dependencia cara a uns recursos naturais espontáneos que daba a terra.

O feito agrario non é así un mito, nin realidade pasaxeira. É un proxecto de vida no tempo, que, como todo feito social, enxendrará un feito xurídico que producirá un campo infinito de consecuencias xurídicas. Así, acadaremos o concepto de *agricultura* como ordenación primaria das regras xurídicas, á vez que sociais, técnicas, culturais e, dende logo, xurídicas.

Dada a importancia destas cuestións, consideramos que é unha tarefa indelegable da Administración pública dar a coñecer aos cidadáns en xeral e, particularmente, a todos os participantes no tráfico xurídico, as novas perspectivas do dereito agrario.

O dereito civil, na súa acepción clásica, é o dereito propio de cada pobo. Xustiniano definíao como o dereito que cada pobo constitúe exclusivamente para si e que é o propio dos mesmos cidadáns e, por iso, se chama *dereito civil*.

O dereito civil de Galicia é unha creación xenuína do pobo galego, que xurdiu do costume e se asentou durante séculos na conciencia colectiva nacional como a súa fonte material. Tal dereito, que non tiña máis soporte que a convicción da súa prescricividade, recibiu o seu asentamento formal na Compilación do ano 1963, que regularía diversas institucións xurídico-patrimoniais, familiares e sucesorias. Porén, a evolución político-social do país esixía a adaptación dunha ordenación de orixe estatal e obsoleta aos principios fundamentais consagrados na Constitución de 1978, superando definitivamente vetustas figuras xurídicas de orixe feudal.

O obxecto do presente relatorio baixo o título «O dereito agrario galego» céntrase, basicamente, no estudo dos dous primeiros capítulos do Título V, que leva por rúbrica *Contratos*, da Lei 4/1995, do 24 de maio, do dereito civil de Galicia (BOE do 27 de xuño), conténdose nestes, que comprenden os artigos 35 a 94 da nova lei, a regulación en Galicia dos arrendamentos rústicos e as parzarías.

En efecto, o primeiro dos citados capítulos do Título V dedícase aos arrendamentos rústicos e, á súa vez, consta de dúas seccións, a primeira na que se conteñen as normas xerais e a segunda que leva por rúbrica *Do arrendamento do lugar acasado*, tras o cal figura o Capítulo II, que se refire ás parzarías, con cinco seccións relativas, respectivamente, ás disposicións xerais e aos catro tipos de parzaría xa contidos na Compilación de dereito civil aprobada pola Lei 147/1963, do 2 de decembro (agrícola, de lugar acasado, pecuaria e forestal).

3.2 Consideracións sobre o momento actual da agricultura española e perspectivas de futuro. D. Alberto Ballarín Marcial⁴

Dende 1991 ata os nosos días aconteceron moitas cousas que nos obrigan a novas formulacións.

En primeiro lugar, foi configurado o chamado *modelo europeo de agricultura* que estamos obrigados a ter en conta dada a nosa pertenza activa á Unión Europea.

Cunha visión política moi ampla, di Anthony Giddens, que “modernizar significa responder aos grandes cambios que se deron no mundo”. Deste modo a nova PAC terá que afrontar, e verdadeiramente o afrontou na *Axenda 2000*, o reto da globalización e progresiva liberalización dos mercados, derivada do Acordo de Marraquech, asinado en abril de 1994, que nos obriga a loitar no campo aberto pola conquista de novos mercados; outro gran reto é o que supón a necesaria protección do medio natural, así como o logro dunha agricultura sostible, e unha maior contribución á erradicación da pobreza e da fame no mundo, tres obxectivos marcados pola Conferencia de Río, en xullo de 1992, aos que hai que engadir agora o ideal da seguridade alimentaria; finalmente, a absorción das novas tecnoloxías, de gran valor para poder conseguir os anteriores obxectivos, en especial as biotecnoloxías e as da información, lévanos a unha crecente internacionalización do dereito e da política agraria. Como di A. Giddens, necesitamos gobernos fortes, sobre todo, a nivel internacional e, neste senso, hai que pensar no papel que podería desempeñar no futuro a Organización Mundial do Comercio, xurdida do encontro de Marraquech.

O sentido de modernización viranos dado tamén por tomar en conta o modelo europeo de agricultura ao que se refire repetidamente a *Axenda 2000*, que o presenta como unha aspiración e un signo de identidade europea fronte ao modelo norteamericano.

Referíndose ao caso español, A. Massot (“Informe sobre el Acuerdo de Berlin sobre la Agenda 2000, el marco de la negociación”, publicado en *Vida Rural*. Ver número do 15 de xuño e 1 de xullo de 1999, en especial a páxina 25) alega que a *Axenda 2000* aparece equilibrada neste punto, pois se ben perdemos niveis de prezos e compensacións, logramos, en cambio, un progresivo relaxamento dos mecanismos de control da oferta; nos herbáceos desapareceu o abandono extraordinario por superación da superficie cultivada, derogouse a superficie máxima garantida nas oleaxinosas e, en fin, aceptáronse, incluso, aumentos dos rendementos medios (ata 2,9 toneladas por hectárea); para o aceite de oliva aumentouse a cantidade máxima garantida, a par que se nacionalizou; en viño abandonouse a destilación obrigatoria e orientouse cara a un sistema baseado en destilacións

⁴ Avogado e notario xubilado.

e arranques voluntarios; aumentado o número de cabezas de vacún de carne primates (ata 13.999, aínda que, por outro lado, neste sector se instaurou unha nova prima de sacrificio, en consonancia coa delicada situación que padece), e o sector recibirá 50.695 millóns de pesetas máis en axudas e, en fin, incrementouse a cota láctea nun 2,5 para a UE e en 55.000 toneladas para España (equivalente case a un 10% máis) se ben a subsistencia das cotas lácteas só ten garantida a existencia ata o ano 2006.

Noutras palabras, remata dicindo o autor citado: redución de prezos e, como novidade, certa desconexión (*decouplage-decoupling*) co fin de non incentivar a produción, reducir os excedentes, incidir na distribución das axudas e facilitar as negociacións da rolda próxima da OCM. O Regulamento de desenvolvemento rural puido xerar ingresos de 185.200 millóns de pesetas para España e o desenvolvemento rural adquire unha importancia extraordinaria.

De todos os xeitos, aínda pode alegarse que a protección dos produtos mediterráneos continúa sendo menor ca a dos produtos continentais, xa que as axudas seguen concentradas nas principais producións da agricultura continental (cereais, oleaxinosas, ovino, caprino, carne e leite de gando vacún).

3.3 A desmembración do dereito civil e a aparición do dereito agrario.

D. Agustín Luna Serrano⁵

Por razóns de espazo simplemente exporei o esquema seguido polo profesor don Agustín Luna Serrano, quen vertebrou a súa intervención subliñando os seguintes puntos:

a) A desmembración do dereito civil e a conformación dos dereitos privados especiais.

b) A aparición do dereito agrario e a súa configuración, con trazos progresivamente acusados, como dereito profesional.

c) A consolidación do dereito agrario pola acumulación sucesiva das referencias básicas da súa normativa (propiedade da terra, actividade económica produtiva e mercado dos produtos agrarios).

d) A consolidación do dereito agrario pola multiplicación das súas fontes normativas (comunitarias, estatais e autonómicas).

3.4 Aspectos destacados na Lei 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos. D. Eugenio Llamas Pombo⁶

A Lei 49/2003, do 26 de novembro, de arrendamentos rústicos, que derroga a Lei de 1980, supón, en palabras do autor, un xiro radical respecto da anterior normativa.

⁵ Catedrático de dereito civil da Universidade Central de Barcelona.

⁶ Catedrático de dereito civil da Universidade de Salamanca.

O punto de partida é claramente diferente, a sociedade española en máis de dúas décadas cambiou, as expectativas son outras, as súas necesidades diferentes e, sen dúbida, no mundo rural é onde máis cambios se experimentaron. A nova lei volve ser de inspiración liberal e nese senso aseméllase máis ao Código civil.

O Consello de Estado nun ditame emitido sobre o anteproxecto manifestaba:

“Frente a ello, en un esforzo simplificador de la legislación agraria que el Consejo de Estado contempla favorablemente y que encuentra fácil acomodo (aunque esta norma no esté directamente motivada por el Derecho Comunitario) en el movimiento general de la Unión Europea de simplificar su legislación agraria para facilitar su comprensión y su aplicabilidad, el anteproyecto remitido en consulta ofrece un texto suficientemente completo con sólo 34 artículos. Como el mismo Consejo ha señalado, entre otros muchos en el dictamen 1546/94, de 1 de agosto, las normas se dictan para ser cumplidas, lo que requiere –en primer lugar– su fácil intelección, no pudiendo quedar dicho entendimiento reducido al círculo de los especialistas, sino extenderse a todos sus destinatarios que son los ciudadanos.

(...) resplandece una auténtica vuelta al Derecho Común de los arrendamientos del Código civil complementado con unas lógicas e impresionables adiciones que permitan ajustar el viejo modelo –siempre válido– a la realidad presente”.

Como principais novidades o relator destacou as seguintes:

a) Potenciación do principio de autonomía da vontade das partes para pactar o contido dos contratos, suprimindo os contratos tipos e reduciendo substancialmente o seu contido imperativo (artigo 11).

b) Prescínlese do concepto xurídico *profesional da agricultura*, o cal gozaba dun réxime especial que pretendía favorecer a súa actividade económica.

c) Redúcese de cinco a tres anos a duración mínima dos contratos de arrendamento (artigo 12).

d) Liberalízase a fixación, revisión e actualización da renda, suprimíndose as facultades do antigo IRYDA para intervenir na determinación destes aspectos.

e) Permíteselles ás partes que conveñan a posibilidade de cesión ou subarrendo da finca ou explotación aínda que, co obxecto de evitar a proliferación de intermediarios con fins puramente especulativos, determínase o seu contido obrigatorio: o subarrendo debe referirse á totalidade da finca, debe outorgarse polo tempo que quede de contrato, e a renda non poderá exceder a establecida no contrato de arrendamento.

f) Supresión das xuntas arbitrais de arrendamentos rústicos, aínda que se reconece o dereito dos interesados a someter libremente a resolución das súas controversias á decisión dun árbitro, de conformidade coa Lei de arbitraje.

3.5 A concentración parcelaria privada. D. Carlos Vattier Fuenzalida⁷

1. Transformacións da concentración parcelaria

A concentración parcelaria garda unha íntima relación coa figura da permuta de fincas rústicas e coa intención dos particulares de incentivar a concentración por parte da Administración. Podemos distinguir tres períodos dentro da evolución da concentración parcelaria:

A) *Período produtivista e a LRDA*: tanto a fragmentación das parcelas (distintas parcelas que pertencen a un mesmo titular pero moi dispersas que dificultan a súa explotación) coma a pulverización da terra (parcelas de mínima extensión que inhiben toda rendibilidade posible) son características antieconómicas das explotacións agrarias da metade norte de España.

Estes problemas intentaron solucionarse mediante a concentración parcelaria, a pesar de que implicaba un éxodo masivo cara ás cidades.

A concentración en España ten un claro fin produtivista, pero aplícase de xeito parcial; isto é, é unha medida que combate a fragmentación da propiedade agrupando distintas parcelas preexistentes nunha soa explotación. Pero, con todo, o problema da pulverización da propiedade non estaba resolto coa concentración parcelaria, xa que a existencia de parcelas mínimas de cultivo é unha realidade evidente nos nosos días.

Convén lembrar que a concentración parcelaria consiste na reunión das parcelas que pertencen a un propietario (*parcelas de procedencia*) nunha soa explotación denominada *finca* ou *lote de substitución* (de calidade e valor equivalente á suma de ditas parcelas, previas certas deducións, coas cargas e gravames preexistentes e inscríbese no Rexistro da Propiedade, causando unha nova inmatriculación que anula as anteriores).

A súa natureza xurídica, segundo a tese do profesor Gabriel García Cantero, é a dunha comunidade de bens que se forma polo decreto da concentración e que se compón polas parcelas de procedencia que se achegan ao fondo común, ao mesmo tempo que este se divide pola acta de reorganización da propiedade, que adxudica as novas fincas de substitución.

Considérase unha función pública levada a cabo pola Administración na maior parte dos supostos. Con todo, existe a posibilidade de solicitala por instancia dos particulares, esixíndose certos requisitos para iso, tanto de extensión de terreos coma de número de propietarios afectados.

Parece evidente que a concentración parcelaria se destina a aumentar os rendementos e a produtividade das fincas de substitución. Non é descañado determinar que é unha figura que garda certo paralelismo co dereito urbanístico, especialmente co sistema de cooperación.

⁷ Catedrático de dereito civil da Universidade de Burgos.

B) *Fins extraeconómicos e lexislación autonómica*: a finais do século pasado nace unha nova concepción da concentración parcelaria vinculada coa reordenación do territorio, a realización de grandes obras públicas e a protección dos recursos naturais. Neste senso, numerosas lexislacións autonómicas recollen esta nova figura de dous xeitos: nun sentido amplo e nun máis reducido.

O modelo amplo de lexislación autonómica regula, case completamente, esta figura, incluíndo o réxime das obras, unidade mínima de cultivo. Como exemplos destas lexislacións está, por exemplo, a Lei do 14 de agosto de 1985, da concentración parcelaria que destaca un importante interese polas obras públicas, masas forestais e a preservación da paisaxe. O mesmo sucede en Asturias, en Castela e León, en Navarra, en Cantabria, en Valencia e en Castela-A Mancha.

Porén, o modelo reducido aparece noutras comunidades autónomas como é o caso de Andalucía que na súa Lei 8/1984, do 3 de xullo, da reforma agraria andaluza, contempla poucas normas sobre a concentración de explotacións por motivos de utilidade pública, a permuta forzosa e a concentración de carácter privado. Igual sucede en Aragón e na Comunidade da Ríoxa que non regulou expresamente a concentración parcelaria.

C) *Concentración parcelaria e desenvolvemento rural*: a reparcelación das terras é unha das medidas de adaptación e desenvolvemento das zonas rurais que se poden incluír nos programas operativos de ámbito rexional. Así o recolle o Regulamento CE/1257/1999, do 17 de maio de 1999.

Isto outorga unha nova visión da concentración parcelaria como unha figura que persegue algo máis que fins económicos, como o de acomodarse aos fins propios do desenvolvemento rural. Estes fins son tanto de tipo económico (no que se refire á modernización das explotacións: mellora das estruturas produtivas, da agroindustria e da comercialización; a reconversión da capacidade produtiva; a produción non alimentaria; agroturismo...) coma de tipo social (desenvolvemento sostible dos bosques, mantemento do tecido social, creación de postos de traballo, mellora da calidade de vida, conservación da natureza...).

2. Medios técnicos de concentración parcelaria

A) *Visión panorámica*: o método máis simple que o propietario ten de agrupar as parcelas que lle pertencen son os actos de dominio destas, podendo modificar os lindes interiores. No caso do arrendamento rústico, é o arrendatario o que goza desta facultade, dentro do límite da actuación dilixente.

Máis complexa é a figura do dereito de retracto que habilita para ampliar o tamaño das parcelas sendo válido tanto o retracto de comuneiros coma o de colindantes, tendo como referencia a unidade de cultivo mí-

nima. Ao seren actos de segregación e de división, hai que adaptarse ao Rd 1030/1997, do 3 de maio, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística. Será o xuíz o que determine se estes actos son nulos ou non.

B) *Permuta de fincas rústicas*: na lexislación agraria contémpanse catro supostos especiais desta figura; dous obrigatorios que son a **permuta forzosa** (regulada pola LRDA) mediante a que todo propietario ten o dereito de pedir a permuta forzosa das fincas enclavadas na área doutra finca, ter lindeiros comúns nun 70%, estar separadas pero compartir lindes cos que a separan nun 30%, ser limítrofes doutras fincas con lindes que se poidan reducir nun 50%. A parcela de substitución tamén ten que reunir unha serie de requisitos relativos á extensión, valor en venda, tipo de cultivo, situación, acceso ao camiño público, libre de cargas... Tamén debe constar a permuta en escritura pública. Todas estas características fan que case sexa unha figura decorativa, posto que sería máis un contrato legal de adhesión no que a vontade das partes queda bastante esvaecida.

Outro suposto obrigatorio é o da **permuta de fincas de titularidade pública** (Lei de Cantabria de 2000) concibida como un instrumento de intervención administrativa por razóns de utilidade pública ou interese social, consistente no intercambio recíproco de titularidades dominicais entre fincas ou explotacións de carácter privativo da Administración e propiedades particulares. Tanto un tipo de finca coma outro teñen que reunir unha serie de características recollidas no citado texto legal.

En canto ao suposto voluntario, atopámonos coa **permuta voluntaria**, prevista pola LMEA exenta dos impostos sobre transmisión onerosas e de valor engadido. Aparece, así, este tipo de permuta como o paso previo cara á concentración parcelaria privada.

O derradeiro suposto consiste na **permuta estimulada pola Administración**, regulada na Orde da Ríoxa de 1994, representando a preparación do agricultor cara á concentración ou a reconcentración parcelaria. Entre os requisitos necesarios chama a atención o requisito da declaración xurada de non vender a finca resultante no período de cinco anos seguintes á data da escritura.

C) *Concentración parcelaria privada*: de conformidade coa LRDA este tipo de concentración debe ser autorizada pola Administración, a solicitude de tres propietarios como mínimo, afectando unicamente ás parcelas achegadas podendo articularse mediante dous procedementos diferentes:

a) A Administración aproba as bases, a concentración e as adjudicacións, podendo colaborar nos gastos se os propietarios constitúen unha SAT. No resto séguense a aplicar as mesmas normas do procedemento ordinario, recolléndose a posibilidade de compensación en metálico.

b) O segundo procedemento omite as publicacións e consiste na permuta das parcelas de procedencia polas fincas de substitución; cada titular responderá do saneamento da evicción segundo o artigo 1540 do Cc. O traslado de dereitos reais e outras situacións xurídicas ás fincas de substitución, require o consentimento expreso dos seus titulares e a inscrición do título administrativo no Rexistro da Propiedade.

Na LRDA tamén se contempla a hipótese da reconcentración, pero dun xeito restritivo. Só se pode decretar a iniciativa privada e a petición das 3/4 partes dos propietarios da zona concentrada, entre outros requisitos. A única vantaxe é a utilización dos traballos realizados na concentración primitiva e a probable aplicación do procedemento abreviado. Con todo, non é difícil imaxinar numerosos supostos que xustifiquen unha nova concentración, facéndose evidente unha regulación legal máis ampla da existente.

En Aragón a Lei de patrimonio agrario establece dous procedementos de concentración privada. Un deles caracterízase por ser voluntario para os propietarios da zona, admitindo compensación en metálico ata o 10%, e por ser de cargo dos promotores os estudos e proxectos técnicos, entre outras características.

O outro procedemento é máis simple e consiste no sistema de permutas. Debe ser aprobado pola Administración, obténdose así beneficios fiscais, redución de gastos e subvencións. Require que se agrupen como mínimo cinco hectáreas de secano, unha de regadío ou de plantación, entre os dous ou máis propietarios, sen que a diferenza entre o achegado e o recibido supere o 20% das parcelas iniciais.

A Lei de concentración parcelaria de Castela e León inspírase na lexislación urbanística contemplando tres vías para a concentración: o **convenio**, polo que a Administración acorda cunha empresa pública a realización dos traballos técnicos; a **contrata**, consistente nun acordo entre a Administración e unha empresa privada para que faga os traballos da concentración; e a terceira é a **concentración de forma compartida**, que poden solicitar dous terzos dos propietarios sempre que representen a metade da superficie que se concentra e constitúan unha asociación.

3. A modo de conclusión

É evidente que no noso dereito a concentración privada non existe, posto que hai un grande intervencionismo da Administración. O financiamento público incide no pagamento das obras elixidas pola nova reorganización da propiedade.

En segundo lugar, a intervención pública non sería necesaria para evitar os custos da concentración, posto que é un problema solucionado pola lei da oferta e da demanda do mercado, en canto ao que afecta ao consumidor.

Excluídos os fins produtivistas, é aconsellable admitir a autonomía dos particulares co fin de escoller o medio máis axeitado para o caso. Isto é, a permuta bilateral ou ben a permuta múltiple sen que existan limitacións ao respecto.

3.6 *Aproximación ao novo réxime xurídico vitivinícola español: algúns aspectos significativos da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño. D. Ángel Sánchez Hernández⁸*

O pasado día 12 xullo de 2003 entrou en vigor en España a Lei 24/2003, da viña e do viño. Varios son os aspectos que poñen de manifesto a oportunidade e a necesidade desta lei que recalcou o relator.

En primeiro lugar, aludiu aos aspectos económicos. España é o viñedo máis grande do mundo, quedando, por detrás en extensión, Italia, Francia e Portugal. A pesar diso, os baixos rendementos por hectárea⁹ fan de España, o terceiro produtor de viño do mundo¹⁰, despois de Francia e Italia.

En segundo lugar, e non por iso de menor importancia, están os aspectos xurídicos. A Lei 25/1970, do 2 de decembro, coñecida como *Estatuto da viña, do viño e dos alcois*, quedou desbordada polas previsións insuficientes e inaxeitadas, fundamentalmente debido a acontecementos xurídicos máis importantes:

i) A Constitución española de 1978 configurou o estado das autonomía determinando unha nova distribución territorial do poder. Consonte o artigo 148.1.7^a, todas as comunidades autónomas asumiron, a través dos seus respectivos estatutos de autonomía, as competencias en materia relativa ao cultivo da viña e aos seus produtos –o viño–.

Con todo, iso non significa que esta competencia sexa exclusiva das comunidades autónomas, é, por iso, excluínte de toda intervención do poder central do Estado. Ao contrario, o artigo 149.1.13^a da Constitución atribúelle a este a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Ao ser a actividade agraria unha actividade económica do sector primario, o poder central do Estado está así facultado para ditar non só as normas que fixen as liñas directrices, senón tamén os criterios globais de ordenación deste sector

⁸ Profesor titular de dereito civil da Universidade da Rioxa.

⁹ A viña ocupa grandes extensións de terra, moitas veces árida e con escaseza de auga. Hai países onde se rega a vide, chegando a triplicar a produción por hectárea.

¹⁰ Actualmente, e segundo o relator, a produción media española é aproximadamente de 30 millóns de hectolitros, que representan ao redor do 4,5% do total da produción final agraria. Un terzo desa produción son viños de calidade, exportándose aproximadamente 10,5 millóns de hectolitros, existindo, aínda así, excedentes que se converten en alcol.

económico, iso si, sen que con iso se baleire o contido das competencias en materia agraria das comunidades autónomas.

Como determinación do básico, o novo texto legal da viña e do viño, Lei 24/2003, na súa disposición final segunda, determina as súas partes, que constitúen lexislación básica, cuxo desenvolvemento e execución corresponderalles ás comunidades autónomas. O resto do texto legal, que non ten carácter básico, será, de ser o caso, supletorio da correspondente lexislación autonómica –artigo 149.3 da Constitución–.

ii) Ao ingreso de España nas, daquela, comunidades europeas, veuse a sumar a creación da Unión Europea, xunto ao poder central do Estado e das comunidades autónomas, como fontes de produción normativa vitícola e vitivinícola. Forma parte do noso ordenamento xurídico, concretamente, a normativa europea da OCM do viño que xorde en Europa en 1970, reorganízase en 1987 –Regulamento CEE nº 822/87– e regulada actualmente no vixente Regulamento CE nº 1493/1999, do 17 de maio de 1999.

Polo tanto, a normativa sobre o viño e a vide procede de distintas fontes: da Unión Europea, do poder central do Estado e das comunidades autónomas.

Moitos son os aspectos importantes que a Lei 24/2003 contempla. No artigo 25, apartado primeiro establece que a xestión de cada viño de calidade con indicación xeográfica, denominación de orixe, denominación de orixe cualificada e, de ser o caso, viño de pagamento será realizada por un órgano de xestión no que estarán representados os titulares dos viñedos e bodegas inscritos nos rexistros que se establezan na norma específica reguladora dos VCPRD.

No apartado décimo do mesmo precepto, reserva unicamente o termo *Consello Regulador* para os órganos de xestión das denominacións de orixe e das denominacións de orixe cualificadas.

Os órganos de xestión terán a personalidade xurídica propia de natureza pública ou privada, con plena capacidade de obrar e funcionarán no réxime de dereito público ou, se é o caso, de dereito privado. Rexeranse polo disposto na Lei da viña e do viño, as leis sectoriais das comunidades autónomas, as normas específicas dos VCPRD e polo disposto nos seus correspondentes estatutos.

Os órganos de xestión deben ser autorizados pola Administración, establecéndose a súa estrutura e funcionamento regulamentariamente consono dos principios: o seu funcionamento non ten ánimo de lucro e ha de ter a representatividade dos intereses económicos e sectoriais integrados.

Os fins e funcións dos órganos de xestión contémplos o artigo 26 da Lei 24/2003; prevese, no artigo 27, nun sistema de control e certificación que establecerá o regulamento de cada VCPRD, que en todo caso estará separado da súa xestión.

Establécese nos artigos 28 a 32 un procedemento –solicitud, tramitación e resolución– para recoñecer un nivel de protección.

Establécese un réxime sancionador –artigo 33 a 45–, sinalando por unha parte das obrigas dos interesados, inspección e medidas cautelares e, pola outra, sinala as infraccións –leves, graves e moi graves– e as súas sancións, xunto coas medidas complementarias.

Por último, esta lei ocúpase do Consello Español de Vitivinicultura, órgano de carácter consultivo adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación –artigo 46 e ss–.

3.8 A unidade mínima de cultivo e o Rexistro da Propiedade.

D. José María de la Cuesta Sáenz¹¹

I. Concepto de unidade mínima de cultivo

O concepto de unidade mínima de cultivo enténdese como unha institución xurídica froito das técnicas de concentración parcelaria na segunda metade do pasado século XX. Así, a unidade mínima de cultivo (UMC) pódese definir como *límite do dereito de propiedade sobre fincas rústicas con destino agrario, establecido en defensa de interese público e que afecta ás facultades dominicais de dividir e segreggar, impedindo o seu exercicio válido cando tales operacións vaian xerar parcelas de superficie inferior á fixada como límite na comarca de que se trate tanto para terras de secano coma de regadío, e que non resulte amparado por un cambio de destino regularmente levado a cabo.*

A definición legal atópase no artigo 23.1 da LMEA, sendo cualificada como unha definición imprecisa, mudable e variable no tempo debido á súa natureza fundamentalmente práctica.

II. Consecuencias que deben seguirse de tal noción

O feito de que a UMC atenda as circunstancias materiais e de feito das fincas trae consigo importantes consecuencias xurídicas. Así:

a) Correspóndelles ás CCAA determinar a extensión da UMC. Constitúe un deber para estas administracións que terán que cumprir de acordo aos principios reitores da actividade administrativa. Isto tradúcese en que esa fixación deberá atender a criterios técnicos non discrecionais.

b) As UMC afectan a terreos rústicos e que sexa solo cultivable na súa totalidade. No caso de segregación de fincas inferiores á UMC non lles afecta a prohibición do artigo 24, posto que non se dedican na súa totalidade ao cultivo.

c) As excepcións ás prohibicións de dividir e segreggar obedecen a conseguir UMC máis eficientes. Aínda que o concepto de UMC se refire a fincas e non a explotacións, conecta coa idea de explotación en canto se refire

¹¹ Catedrático de dereito civil da Universidade de Burgos.

ao cultivo que non teñen que coincidir co concepto de finca rexistral ou catastral. Unha finca rexistral pode encubrir realidades materiais que lle impidan ser cultivada como unha soa UMC, facendo imposible o cultivo de tal finca como unha soa finca, infrinxindo o concepto de UMC. Cando a Administración intervén en concentracións parcelarias, esta realidade pode ser evitada; con todo, cando son froito de melloras por parte de iniciativa privada é moito máis complicado detectar estas situacións. O aspecto positivo desta situación vese nun exemplo: se unha canalización divide unha finca en partes inferiores á UMC de secano da zona, poderá dar lugar a unha finca non cultivable como tal, pero si cultivable como dúas fincas de regadío, que mellorarán a produtividade.

O que si parece perigoso é que o descoñecemento destas situacións faga imposible operacións con resultado claramente positivo para as explotacións agrarias afectadas.

Cando o rexistrador da propiedade detecte este tipo de situacións debe informar a instancia administrativa que corresponda, orixinando un procedemento que pon en perigo que os particulares persigan e acaden polos seus medios fins de interese privado e público simultaneamente.

III. O erro do lexislador e as súas causas

Do anteriormente exposto dérivase que a UMC pasou a inscribirse na regulación dos actos de natureza urbanística. Está claro que o Rexistro da Propiedade pode velar polo cumprimento das regras urbanísticas sobre parcelas indivisibles, pero perde precisión cando se trata de considerar a realidade física das fincas e as súas condicións de cultivo. Esa perda de precisión afecta ás consecucións dos fins da UMC.

A actuación do rexistrador é cautelara, posto que suspende a inscrición esixindo a correspondente licenza municipal e remite a documentación presentada á administración competente. Todo isto redundará en prexuízo do propietario que ve retrasado o bo fin rexistral da súa operación de mellora agraria.

Hai algo que chama a atención que é o feito de que se faculta ás administracións agrarias competentes para adoptar o acordo pertinente sobre a nulidade do acto. Nulidade que debería ser declarada por un xuíz e non por unha autoridade administrativa. Ademais, este acto administrativo é claramente cego ante as realidades que vimos indicando. Tanto o Rd como a LMEA comparten un concepto da UMC puramente formal, atopándonos diante dun atropelo total consistente nun procedemento iniciado de oficio polo rexistrador da propiedade, sen audiencia dos interesados, e que só pode rematar ben pola apreciación das excepcións ou ben pola declaración administrativa da nulidade do acto.

Rematado este procedemento, a administración agraria competente remitiralle ao rexistrador a certificación do contido da resolución recaída,

quizais medio ano despois de que os interesados acudiran a presentar ao Rexistro a súa escritura pública.

Este procedemento infrinxe, claramente, os principios constitucionais de dereito formal e material. Cómpre destacar: non audiencia das partes, falta de competencia da Administración para declarar a nulidade do acto, a falta de consideración do interese público á maior eficiencia da actividade agraria.

O máis rechamante quizais sexa a discriminación no tratamento respecto dos infractores da normativa urbanística aos que si se lles outorga audiencia.

Hai, pois, unha actitude autoritaria fronte ao agricultor e unha actitude máis comprensiva fronte ao parcelador ilegal.

Non existe ningunha razón de tipo xurídico para tal discriminación. Ao contrario, porque o Rexistro é moito máis válido para controlar a actuación urbanística, que para controlar algo como a UMC, de índole fáctico. É rigorosamente imposible para o rexistrador coñecer a infracción da UMC e as súas excepcións que non se deducen necesariamente dos datos que obran en poder do rexistrador.

Isto incluso pode ocorrer existindo licenza municipal de segregación e edificación, dándose o caso de que a Administración agraria a declare nula por infracción da UMC.

O reflexo rexistral dos actos dominicais do propietario das fincas vese sometido ao xuízo unánime de catro instancias diferentes: notario ou xuíz do Concello, Administración agraria e Rexistro da Propiedade sen audiencia do interesado nas dúas últimas e co longo proceso que implica o recurso gobernativo ou o recurso contencioso.

Así as cousas, a rectificación de lindes mediante segregacións e permutas voluntarias é difícil que chegen a formularse. Unha situación como a descrita difire moito do que podía esperarse da aplicación da Lei de modernización das explotacións agrarias.

IV. O problema da fixación da superficie

O problema que aparece unha vez habilitadas as CCAA para fixar a superficie da UMC era a aplicabilidade subsidiaria nos casos nos que non se procedera a tal fixación das superficies establecidas na Orde ministerial do 27 de maio de 1958. A falta de derogación expresa desa norma fai que a súa aplicación sexa a doutrina máis segura, aínda que a defensa do interese protexido pola UMC sexa, así, menos eficaz.

V. Conclusións

Non pode esquecerse a realidade puramente fáctica da UMC, posto que ese esquecemento trae consecuencias negativas para o exercicio da autonomía privada e para o cumprimento do interese público.

Tampouco parece axeitada a aproximación á materia urbanística.

Atópase por completo fóra das competencias da xurisdición contencioso-administrativa a declaración de nulidade dos actos xurídico-cívís como as segregacións, divisións, compravendas ou permutas...

A única interpretación que deixaría a salvo o artigo 80 do Rd 1093/1997 consistiría en entender que a resolución sobre a nulidade do acto non fose outra que a orde de incoar polos servizos xurídicos correspondentes as pertinentes accións de nulidade ao abeiro do artigo 6 do Código civil ante a xurisdición ordinaria e polos trámites da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

3.8 *O contrato de cesión de augas para uso agrario na lexislación española. D. Antonio Cobacho Gómez*¹²

I. Introducción

Ata 1999, a transmisibilidade de aproveitamentos de augas regulábase no artigo 61 da Lei de augas que requiría autorización administrativa previa no caso de transmisión total ou parcial dos aproveitamentos de auga que impliquen un servizo público así como a constitución de gravames sobre eles.

En 1999 aparece regulado o contrato de cesión de dereitos ao uso privativo das augas públicas, permitindo o uso compartido por dous ou máis usuarios e para fins distintos aos da concesión. A transmisión de usos esténdese a todos aqueles que ostenten un título xurídico válido e actualizado que lle conceda un uso privativo das augas.

Hai que salientar a importante reforma do Rd 606/2003, do 23 de maio, sobre o regulamento de dominio público hidráulico; fundamentalmente polo que aquí nos afecta hai que sinalar a incorporación do Título IV sobre o contrato de cesión.

Segundo Pérez-Díaz Mezo e Álvarez Miranda existen dúas fórmulas de cesión entre usuarios: unha directa e controlada para evitar prexuízos de terceiros, pola que en épocas de escaseza os usuarios con menor rendemento económico poden cederlles aos de maior rendemento os seus dereitos de utilización a cambio dun prezo; outra cesión indirecta na que unha institución pública actúa como mediadora concretándose no Banco da Auga, no que a Administración merca toda a auga que se lle queira vender ao prezo pactado e, despois, véndella a quen a queira mercar a un prezo algo maior ca o da compra. Parece moito máis transparente e axeitada esta última para evitar que estas operacións sexan controladas polos economicamente mellor dotados.

¹² Catedrático de dereito civil da Universidade de Murcia.

II. Concepto

Este contrato ten como finalidade a modificación dunha relación xurídico real afectando á estrutura desa relación porque se vai producir un cambio ou alteración na titularidade do dereito de aproveitamento. A vontade das partes vese limitada pola intervención da Administración que se manifesta na necesidade de autorización administrativa para a cesión, o recoñecemento dun dereito de adquisición preferente a favor do organismo de conca ou na facultade de revogación do contrato por falta de autorización de vertidos para a nova situación derivada da cesión.

III. As partes contratantes

No artigo do 343 do RDPH os titulares dalgún dereito ao uso privativo das augas poderán ceder o uso temporal a outro concesionario titular doutro dereito igual ou maior segundo a orde de preferencia establecida no plan hidrolóxico de conca ou pola Lei de augas, previa autorización administrativa. É evidente que a cesión de dereitos esixe o requisito de ser titulares as partes implicadas de dereitos.

Por concesionario de dereitos enténdese tanto os titulares de augas superficiais coma os de subterráneas. En cambio, por titulares de dereitos enténdese os titulares de aproveitamentos temporais de augas privadas inscritos no Rexistro de Augas.

Nas concesións deberá observarse a orde prevista no plan hidrolóxico da conca correspondente. A falta desta orde, subsidiariamente, rexerá outra orde na que hai que ter en conta o abastecemento da poboación, regadíos, usos industriais para enerxía eléctrica, acuicultura...

En conclusión, poderase ceder o dereito a alguén que o destine ao mesmo uso ao que o destinaba o cedente ou ben a outro uso que sexa prioritario, agás autorización expresa do Ministerio de Medio Ambiente en casos excepcionais.

A cesión pode ser parcial ou total e require a autorización previa da Administración; quince días despois do contrato deben enviarlle unha copia ao organismo de conca. En caso de cesión sen autorización constituirá unha infracción tipificada legalmente. Ademais da sanción correspondente, a Administración poderá decretar a caducidade do dereito concesional do cedente.

IV. Prohibición de celebrar o contrato

Non poderán celebrar o contrato de cesión nin os titulares de concesións ou autorizacións concedidas a precario nin os de autorizacións especiais. O precarista nada pode conceder porque o seu dereito pode ser revogado en calquera momento. Polo que respecta ás autorizacións especiais parece lóxico que se prohiba a cesión de dereitos pola propia excepcionalidade da suá concesión.

Os titulares de dereitos de uso privativo de carácter non consultivo, só poderán cedelos para usos do mesmo carácter.

Os titulares de dereitos incluídos no catálogo de aproveitamento de augas privadas non poden acollerse ao establecido neste capítulo. Con todo, os titulares de dereitos sobre augas privadas poden solicitar que estas augas pasen a ter a condición de públicas obtendo a correspondente concesión e a inscrición da concesión obtida no Rexistro de Augas.

O artigo 343-5 do RDPH establece que os acordos entre usuarios dunha mesma comunidade coa finalidade de empregar a auga asignada a cada un deles como membros da comunidade concesionaria considéranse como actos internos, sempre que se fagan respectando o previsto nas ordenanzas e estatutos.

En canto ás comunidades constituídas segundo os artigos 87 e 88 do TR son titulares de dereitos cada un dos usuarios que teñan inscrito o seu dereito no Rexistro de Augas, debido a que a súa creación depende da discrecionalidade do organismo de conca correspondente.

V. Formalización e contido dos contratos de cesión

Os contratos de cesión deberán constar por escrito. Non parece deducirse do artigo 68-1 do TR a esixencia de plasmalo nun documento público. Outra cuestión distinta é que unha das partes pode compeler a outra a outorgar o correspondente documento público; tendo en conta que é un dereito real parece que si habería esa posibilidade, segundo reza o artigo 1280.1 do Código civil.

É evidente que a formalización nunha escritura pública dotaría de maior seguridade o acordo entre as partes, evitando situacións de nulidade mediante o correspondente control da persoa que fai fe pública.

O artigo 344.1 do RDHP establece o contido mínimo que deben recoller os contratos de cesión. Este tipo de contratos son regulados porque ten un contido imperativo determinado, configurándose como un dereito excepcional en relación ao dereito de contrato contido no Código civil. Nese sentido cómpre subliñar, como exemplo, o feito de que se teñan que fixar os predios que o cedente renuncia a regar ou vai regar con menos dotación, así como os que o cesionario vai regar co caudal concedido.

Dentro dos quince días seguintes á súa sinatura, as partes deberán entregarlle unha copia á comunidade de usuarios á que pertenzan, tendo esta quince días para alegar o que estimen oportuno ante o organismo de conca. As comunidades de usuarios como as corporacións de dereito público velarán pola boa orde do aproveitamento.

O artigo 345.1 do RDHP establece que o volume anual susceptible de cesión non poderá superar o realmente utilizado polo cedente calculándose segundo os criterios establecidos nese precepto legal. En ningún caso este volume poderá ser superior ao que resulte dos acordos que adopte o organismo de conca segundo a situación hidrolóxica do ano.

A compensación económica derivada da cesión fixarase de mutuo acordo entre as partes. Atendendo a situación de mercado, o Ministerio de Medio Ambiente poderá establecer o importe máximo da compensación.

VI. Intervención administrativa na cesión de dereitos ao uso privativo das augas públicas

1. **Solicitud de autorización:** ten que ser previa a que produza efectos o contrato. Por iso, hai que remitir unha copia do contrato por escrito. Cando as augas obxecto de contrato se destinen ao abastecemento de poboacións, acompañarase coa solicitud o informe da autoridade sanitaria.

Cando a cesión se refira a concesión para regadíos, necesitarase informe previo da CA ou do Ministerio de Agricultura para que emitan un informe en dez días. Os solicitantes teñen quince días para efectuar alegacións fronte ás alegacións feitas polas comunidades de usuarios.

2. **Autorización:** concederase mediante resolución motivada do organismo de conca, unha vez comprobado que se cumpren todos os requisitos legais do contrato e de que as partes teñen debidamente inscrito o seu dereito lexítimo.

O silencio positivo da Administración entenderase se transcorren dous meses tras a data de entrada da solicitud no organismo de conca. En caso de cesións entre membros da mesma comunidade de usuarios, o prazo amplíase a tres meses.

3. **Denegación:** será mediante resolución motivada do organismo de conca, no caso de que o cedente ou o cesionario non teña inscrito o seu dereito ao uso privativo da auga ou concorran circunstancias do artigo 68.3 do TR. Tamén se denegará se a cesión afecta negativamente ao réxime de explotacións dos recursos da conca, aos dereitos de terceiros, aos caudais ambientais..., sen dar lugar a ningunha indemnización para os contratantes.

4. **Adquisición preferente:** o artigo 68.3 do TR establece que o organismo de conca poderá exercer no prazo dun ou dous meses un dereito de adquisición preferente do aproveitamento dos caudais que se ceden, rescatando os caudais de todo uso privativo. Ese dereito está suxeito a que o organismo lle aboe ao cedente a cantidade económica que este ía percibir no prazo de tres meses.

5. **Inscripción no Rexistro de Augas:** inscribíranse no Rexistro de Augas os contratos de cesión de dereitos ao uso privativo da auga, así coma o rescate dos aproveitamentos mediante a adquisición regulada no artigo 349. Unha vez autorizado o contrato de cesión polo organismo de conca, hai que inscribilo porque así o dispón o artigo 189 do RDHP. A inscrición rexistral considerarase medio de proba da existencia e situación dos contratos de cesión de dereitos subscritos polo concesionario.

VII. Instalacións e infraestruturas hidráulicas

Cando a realización material das cesións acordadas requira o emprego de instalacións ou infraestruturas hidráulicas das que fosen titulares terceiros, o seu uso establecerase por libre acordo das partes. Neste punto, formularase a dúbida de se o terceiro non está de acordo en ceder as instalacións, a Administración podería impoñer unha servidume de acueduto. Parece que non se exclúe a posibilidade de que o organismo de conca a impoña, sempre que se dean as circunstancias establecidas no artigo 19 do RDHP (interese público ou privado).

No caso de que as instalacións sexan de titularidade do organismo de conca ou teña concedida a súa explotación, os contratantes deberán solicitar a determinación do réxime de utilización desas instalacións, así como a fixación da exacción económica que corresponda.

Cando, ademais, se faga necesario construír novas instalacións, os contratantes deberán presentar o documento técnico que defina estas obras. Así mesmo, cando as augas se vaian destinar ao abastecemento de poboacións, presentarase informe da autoridade sanitaria. A autorización para a cesión non implicará por si mesma a autorización para o uso ou construción de infraestruturas.

Haberá dúas resolucións: unha referente ao contrato e outra relativa ao uso ou ben á construción de infraestruturas. Á resolución relativa a isto último aplícaselle o artigo 351.5 do RDHP que determina que, unha vez transcorrido o prazo de catro meses dende a entrada da solicitude no organismo de conca sen que este se pronunciara, se entendera concedida.

VIII. Autorización de vertido nos contratos de cesión

No caso de que o cedente e o cesionario fosen titulares da autorización de vertido, deberán facer constar esta circunstancia na documentación remitida coa solicitude de autorización do contrato, acompañada dun estudo dos posibles efectos. A autorización terá como obxecto a consecución do bo estado ecolóxico das augas e establecerá as condicións en que deben realizarse.

Se o organismo de conca autoriza o contrato de cesión, ten que proceder a modificar o condicionado e, como di este último artigo, mediante resolución motivada, sen que a modificación dea lugar á indemnización.

O organismo de conca poderá revisar as autorizacións de vertido cando sobreveñan circunstancias determinantes. O contrato de cesión poderá levar aparellada unha revisión da autorización de vertidos cunha modificación do condicionado cando deste contrato de cesión se deriven consecuencias concretas.

Se despois de autorizado o contrato de cesión de dereitos se comproba que comporta un vertido de augas ou produtos residuais non autorizado, revogaraas á autorización do contrato de cesión sen dereito a indemnización.

IX. Centros de intercambio de dereitos de uso da auga

En California estableceuse un plan de loita contra a seca consistente na autorización dun mercado de auga baseado na posibilidade de empregar a auga proporcionada por vendedores voluntarios para satisfacer as necesidades críticas doutros usuarios. Porén, este banco de augas californiano ten notables diferenzas cos centros de intercambio españois. Por exemplo, o banco de augas californiano é quen determina os criterios que definen as necesidades que motivarán a negociación dos dereitos das augas. En cambio, en España o organismo de conca realizará ofertas públicas pero a posta en marcha require a autorización do Consello de Ministros.

As transferencias de dereitos en California son a curto prazo, mentres que en España queda por determinar a duración.

No banco de augas californiano, os prezos de compra fíxanse de forma homoxénea para os vendedores en situacións similares. Aquí, os prezos fixaranse entre un máximo e mínimo na oferta pública.

O banco de augas fixará rigorosamente a cantidade de auga que se pode mercar e obriga os compradores a acreditar o cumprimento dunha serie de medidas.

No modelo californiano, impón un límite máximo ás transaccións que afecten a acuíferos subterráneos. En España non existen limitacións.

A razón de ser dos centros de intercambio é realizar ofertas públicas de adquisición de dereitos de uso da auga para cedelos posteriormente a outros usuarios mediante o prezo que o organismo oferte.

O artigo 354 do RDHP dispón que poderán participar nas operacións dos centros de intercambio os concesionarios e os titulares de aproveitamento ao uso privativo das augas que teñan inscritos os seus dereitos no Rexistro de Augas ou no catálogo de aproveitamento da conca.

Unha vez que o Consello de Ministros aproba o centro de intercambio, o organismo de conca está facultado para realizar ofertas públicas de adquisición de dereitos, publicándoas no *BOE*, no diario oficial das CCAA e en dous diarios de ampla difusión.

O artigo 355. 3 establece o contido ao que se deberá referir a oferta pública: volume máximo, requisitos técnicos, importes máximos e mínimos da compensación económica, criterios de selección dos dereitos susceptibles de adquisición e ao prazo para a presentación de solicitudes por parte dos concesionarios ou titulares de dereitos interesados.

O artigo 355.4 encárgase do contido das solicitudes que se dirixan ao organismo de conca para ceder dereitos ao uso privativo que deberán engadir determinados requisitos.

Á vista das solicitudes presentadas o organismo de conca ditará resolución sobre a determinación dos dereitos que resultaron adxudicatarios da oferta, notificándollelo aos interesados. Tamén publicará a resolución no *BOE* e será inscrita no Rexistro de Augas.

O artigo 355.7 ordena que, os pagamentos e ingresos que realice o organismo de conca para adquirir ou ceder dereitos do uso de auga, se

contabilicen separadamente respecto ao resto de actos en que o organismo poida intervir.

4. Clausura das xornadas

Comezou o acto de clausura tomando a palabra o director da Escola Galega de Administración Pública reiterando a súa gratitude a todos os relatores que nos acompañaron, esperando que as xornadas espertaran a atención e mais o interese de todos os asistentes e que serviran para resolver cantas dúbidas xurdiran tras as sucesivas exposicións.

Este acto de clausura foi oficiado polo conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, don **José Antonio Santiso Miramontes**, que felicitou á EGAP pola excelente iniciativa na organización das xornadas, sempre inmersa en temas de maior actualidade e transcendencia xurídica e social. Por iso, dixo, constitúe unha boa oportunidade acoller debates de relevancia e vixencia tales coma o do dereito agrario. Así mesmo, agradeceu sinceramente a valiosa colaboración e mais a grata presenza dos relatores que interviron nestes encontros, así como a participación de todos os asistentes, desexando que se acadaran os obxectivos programados.

5. A modo de conclusión

A oportunidade das presentes xornadas pode resultar transcendental para a mellora das estruturas produtivas. Un estudo do Instituto Italiano de Estatística demostra que a produtividade nas explotacións societarias é 2,5 veces superior á das individuais. Xustamente sería ese aumento de produtividade o que compensaría as reducións de axudas que, inevitablemente, chegarán á agricultura de todos os países da Unión Europea.

Eu preguntome e preguntolle a todos se seremos quen de lograr, polo menos, unha mellora parcial das actuais formas de producir, das actuais formas de transmitir as explotacións por herdade, da atomización actual da oferta en lugar de asociarse en cooperativas ou noutras formas xurídicas para superar o individualismo ancestral do agricultor que se pecha no seu minifundio.

Non debemos esquecer que o ano 2006 esta á volta e, tal e como expuxo J. Lamo de Espinosa no seu artigo "Política agraria en la actualidad" (en *Cuenta y Razón*, núm. 3, 1999), esta é unha tarefa que non admite demoras. A conta atrás para o 2006 xa empezou. Agora a pelota xa non está no tellado da UE, senón no noso. A iso debe contribuír, unha vez máis, como nos sesenta anos anteriores, o noso propio bo facer e a nosa propia ciencia económica e agraria. 